

ACTA Nº 5 DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

Ás 12 horas do día 3 de agosto de 2026, reúnese por medios telemáticos a Xunta Electoral da Federación Galega de Atletismo, validamente constituída, co obxecto de resolver as reclamacións presentadas contra a proclamación provisional de candidaturas á Asemblea Xeral, aprobar a relación de candidaturas resultante e adoptar os acordos necesarios para a continuación do proceso electoral.

Mediante a Acta nº 4, esta Xunta Electoral proclamou provisionalmente as candidaturas presentadas á Asemblea Xeral e acordou non proclamar determinadas candidaturas por teren sido recibidas fóra de prazo ou por non figuraren as persoas ou entidades solicitantes no correspondente estamento do censo electoral definitivo.

Finalizado o día 30 de xullo de 2026 o prazo de tres días hábiles para formular reclamacións contra a proclamación provisional, consta a presentación de tres reclamacións. Examinadas as reclamacións e a documentación obrante no expediente electoral, a Xunta Electoral adopta os seguintes

ACORDOS

Primeiro.— Desestimación da reclamación presentada por D.^a Edymar Daniely Brea Abreu

D.^a Edymar Daniely Brea Abreu solicita que se admita a súa candidatura polo estamento de atletas na circunscrición de Pontevedra.

A reclamante manifesta que o día 24 de xullo de 2026, ás 13:56 horas (hora española), intentou remitir a súa candidatura por correo electrónico, pero que, debido a un erro material ao escribir o enderezo, enviou inicialmente a mensaxe a xuntaelectotal@atletismo.gal, en lugar de ao enderezo correcto da Xunta Electoral, xuntaelectoral@atletismo.gal. Engade que non advertiu o erro ata que o sistema lle devolveu a mensaxe e que, unha vez coñecida a incidencia, procedeu a remitila ao enderezo correcto, cando xa rematara o prazo de presentación.

A presentación dunha candidatura require que a solicitude sexa efectivamente recibida, dentro do prazo establecido, pola Xunta Electoral e a través dalgún dos medios admitidos no Regulamento Electoral e na convocatoria. O envío dunha mensaxe a un enderezo incorrecto e alleo ao designado para o proceso electoral non equivale á presentación da candidatura ante o órgano competente, aínda que o erro non fose intencionado.

Non se trata, en definitiva, dun defecto formal dunha candidatura presentada dentro de prazo que poida ser posteriormente corrixido, senón da falta de recepción da propia solicitude polo órgano electoral antes do vencemento do prazo. Os prazos electorais son preclusivos e a súa ampliación ou inaplicación nun caso individual afectaría o principio de igualdade que debe presidir o proceso.

En consecuencia, desestímase a reclamación presentada por D.^a Edymar Daniely Brea Abreu e mantense a non proclamación da súa candidatura polo estamento de atletas da circunscrición de Pontevedra, por ter sido recibida no enderezo oficial da Xunta Electoral unha vez finalizado o prazo de presentación de candidaturas.

Segundo.— Estimación das reclamacións presentadas por D.^a Patricia Pereira Guisantes e D. Javier Sierpes Silva.

D.^a Patricia Pereira Guisantes e D. Javier Sierpes Silva solicitan que se revise a súa non proclamación como candidatos, acordada provisionalmente por non figurar no censo definitivo do estamento de atletas.

Examinada a solicitude de candidatura presentada, compróbase que ningún dos dous interesados indicou expresamente nela o estamento polo que se presentaba. Non obstante, ambos constan incluídos no censo electoral definitivo exclusivamente no estamento de adestradores e adestradoras, e non no estamento de atletas nin en ningún outro.

A falta de indicación expresa do estamento constitúe neste caso unha omisión formal que non impide identificar de maneira certa a candidatura, pois ambos reclamantes unicamente podían presentarse polo estamento no que figuran incluídos no censo definitivo. Non existe, por tanto, dúbida sobre o estamento ao que debe adscribirse a solicitude de ambos reclamantes.

En consecuencia, estímanse as reclamacións presentadas por D.^a Patricia Pereira Guisantes e D. Javier Sierpes Silva, déixase sen efecto a súa non proclamación como candidatos e acórdase incluílos na relación de candidaturas do estamento de adestradores e adestradoras, de circunscrición autonómica.

Terceiro.— Rexeitamento da candidatura presentada por Club Xuncas Diversia para o estamento de Clubes e da candidatura presentada por D. Juan Luis Trillo Caamaño para o Estamento de Atletas.

As candidaturas arriba indicadas foron recibidas na Xunta Electoral o día 31 de Xullo de 2026, unha vez finalizado o prazo de presentación de candidaturas. O prazo de presentación de candidaturas finalizou o día 24 de Xullo as 14:00 horas.

Cuarto.— Aprobación da relación de candidaturas resultante da resolución das reclamación

Como consecuencia do resolto nos acordos anteriores, apróbase a **relación de candidaturas á Asemblea Xeral** que figura como **anexo I** desta acta, coa incorporación de D.^a Patricia Pereira Guisantes e D. Javier Sierpes Silva ao estamento de adestradores e adestradoras.

A relación será publicada no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Atletismo, nas súas delegacións territoriais e na sección «ELECCIÓN 2026» da páxina web federativa.

A proclamación definitiva das candidaturas efectuarase unha vez finalizado o prazo para interpoñer recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva sen que se presentase ningún ou, no seu caso, unha vez resoltos os recursos interpostos.

Nos estamentos e circunscricións nos que o número de candidaturas sexa igual ou inferior ao número de postos que deben cubrirse, **non será necesaria a celebración de votación**, de conformidade co artigo 34.8 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro. Son os seguintes:

Estamento de entidades deportivas – Circunscrición de Lugo

Estamento de entidades deportivas – Circunscrición de Pontevedra

Estamento de atletas - Circunscrición de Lugo

A votación do día 12 de setembro de 2026 limitarase, por tanto, aos demais estamentos e circunscricións nos que o número de candidaturas supere o de postos asignados.

Quinto.— Sorteo das mesas electorais

Convócase para o día **6 de agosto de 2026, ás 11 horas**, na sede da Federación Galega de Atletismo, situada en Praza de Agustín Díaz s/n-Complexo Deportivo Elviña, A Coruña, o sorteo público para a designación das persoas titulares e suplentes das mesas electorais que deban constituírse para a votación presencial o día 12 de setembro de 2026 en horario de apertura das mesas de 16:00 a 20:00 horas nas delegacións de A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo, Ferrol, Pontevedra, Santiago de Compostela e O Barco de Valdeorras, así como da mesa electoral do voto por correo que terá a súa sede na Secretaría Xeral para o Deporte a cal constituirase as 16:00 horas do día 15 de setembro de 2026.

O sorteo realizarase entre as persoas integrantes do censo electoral definitivo que poidan formar parte das respectivas mesas, con exclusión das persoas candidatas á Asemblea Xeral.

Para cada mesa serán designadas unha presidencia, unha secretaría e unha vogalía titulares, así como as súas respectivas suplencias. A presidencia e a secretaría corresponderán, respectivamente, ás persoas de maior e menor idade entre as designadas para cada mesa.

A asistencia ás mesas electorais é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral. As persoas seleccionadas deberán aceptar a designación no prazo de dous días hábiles, salvo que aleguen e acrediten unha causa xustificada que lles impida exercer o cargo.

Sexto.— Interventores e interventoras

Infórmase ás persoas candidatas de que poderán designar como interventora ante cada mesa electoral a calquera persoa maior de idade. A solicitude de acreditación deberá dirixirse á Xunta Electoral e identificar:

- A persoa candidata que efectúa a designación.
- A mesa electoral para a que se realiza.
- O nome, apelidos e documento identificativo da persoa nomeada como interventora.
- Un enderezo electrónico para os efectos de comunicación.

De conformidade co calendario electoral, o prazo para solicitar a acreditación de interventores e interventoras finalizará ás 14:00 horas do día 9 de setembro de 2026.

Corresponderá á Xunta Electoral expedir as acreditacións oportunas.

Séptimo.— Campaña electoral

A campaña electoral – constituída polo conxunto de actividades lícitas desenvolvidas polas persoas candidatas coa finalidade de captar sufraxios - iníciase ás 00:00 horas do día seguinte a aquel en que adquira carácter definitivo a proclamación das candidaturas e finalizará ás 00:00 horas do día 11 de setembro de 2026. Para estes efectos:

a) Se non se interpón ningún recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva contra os acordos desta Xunta Electoral que resolven as reclamacións formuladas, a campaña electoral comezará ás 00:00 horas do día 8 de agosto de 2026.

b) Se se interpón algún recurso, a campaña electoral comezará ás 00:00 horas do día seguinte á publicación ou notificación da proclamación definitiva de candidaturas que se efectúe unha vez resoltos os recursos.

Octavo.— Documentación electoral

Acórdase proceder á preparación das papeletas e dos sobres de votación correspondentes aos estamentos e circunscricións nos que resulte necesaria a celebración de eleccións.

As papeletas recollerán as candidaturas proclamadas para cada estamento e circunscrición e confeccionaranse en cores diferentes para cada estamento que deba ser sometido a votación.

A Secretaría da Xunta Electoral coordinará coa Comisión Xestora e co persoal administrativo da Federación:

- a) A confección e revisión das papeletas.
- b) A preparación dos sobres de votación.
- c) A elaboración dos censos que deberán entregarse a cada mesa electoral.
- d) A preparación das actas, certificados, acreditacións e demais documentación necesaria para a xornada electoral.
- e) A remisión á Secretaría Xeral para o Deporte da documentación necesaria para o exercicio e escrutinio do voto por correo.

Noveno.— Publicidade e notificación

Acórdase:

Publicar a presente acta e o seu anexo no taboleiro de anuncios da Federación, nas delegacións territoriais e na sección «ELECCIÓN 2026» da páxina web federativa e notificala individualmente a D.^a Edymar Daniely Brea Abreu, D.^a Patricia Pereira Guisantes e D. Javier Sierpes Silva en relación cos acordos que resolven as súas respectivas reclamacións.

E, non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión ás 13 horas do día indicado.

Contra os acordos primeiro, segundo e terceiro, polos que se resolven as reclamacións presentadas, poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días hábiles, mediante a súa presentación ante esta Xunta Electoral.

O Secretario da Xunta Electoral

Fdo. Manuel A. Suárez Collantes



ANEXO

RELACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATURAS Á ASEMBLEA XERAL

1. ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Circunscripción da Coruña - 19 postos

Estamento	Nome Candidato / Clube	Provincia
Clube	SD COMPOSTELA ATLETISMO	A CORUÑA
Clube	CLUB ATLETISMO NARÓN	A CORUÑA
Clube	CLUB DEPORTIVO INCLUSIVO ENKI	A CORUÑA
Clube	ASOC. DEP. OLIMPIA	A CORUÑA
Clube	ATLETISMO SAR	A CORUÑA
Clube	AMES ATLETISMO	A CORUÑA
Clube	ATLETISMO OLIMPO	A CORUÑA
Clube	NOITEBRA	A CORUÑA
Clube	MARINEDA ATLÉTICO	A CORUÑA
Clube	STA UXIA	A CORUÑA
Clube	ATL. A SILVA	A CORUÑA
Clube	ENTRENARUNNING	A CORUÑA
Clube	ATLETISMO RIAZOR	A CORUÑA
Clube	ATLETISMO NOIA	A CORUÑA
Clube	OLÍMPICO DE VEDRA	A CORUÑA
Clube	CLUB ATLETISMO RIA FERROL	A CORUÑA
Clube	BJ RUNNING TEAM	A CORUÑA
Clube	ATLETISMO SANTIAGO	A CORUÑA
Clube	A.D. FOGAR (Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude)	A CORUÑA
Clube	CLUB ATLETISMO PINO	A CORUÑA
Clube	CLUB ATLETISMO SADA	A CORUÑA
Clube	FERROL ATLETISMO	A CORUÑA
Clube	LA MOCHILA DEL DEPORTE	A CORUÑA
Clube	CLUB ATLÉTICO BERGONDO	A CORUÑA
Clube	NOSPORTLIMIT	A CORUÑA

Circunscripción de Lugo - 7 postos

Estamento	Nome Candidato / Clube	Provincia
Clube	ATLETISMO LUCUS	LUGO
Clube	RIA DE FOZ	LUGO
Clube	CLUB DEPORTIVO BIOSBARDO	LUGO
Clube	E.D. LOURENZÁ	LUGO

Circunscripción de Ourense - 6 postos

Estamento	Nome Candidato / Clube	Provincia
Clube	OURENRUNNING	OURENSE
Clube	LIMIACTIVA	OURENSE
Clube	CD LA PURISIMA	OURENSE
Clube	OURENSE ATLETISMO	OURENSE
Clube	ADAS (ASOCIACION DEPORTIVA ATLETICA SIL)	OURENSE
Clube	ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL A BOUTUREIRA	OURENSE
Clube	ESCOLA ATLÉTICA DE PEREIRO DE AGUIAR BEN CHO	OURENSE
Clube	CLUB DEPORTIVO AURUM	OURENSE

Circunscripción de Pontevedra - 18 postos

Estamento	Nome Candidato / Clube	Provincia
Clube	SOCIEDADE ATLETICA DO TREGA	PONTEVEDRA
Clube	CELTA ATLETISMO	PONTEVEDRA
Clube	C.A. PORRIÑO	PONTEVEDRA
Clube	ATLETISMO +9 MORAÑA	PONTEVEDRA
Clube	CELTA FEMENINO	PONTEVEDRA
Clube	COMESAÑA SPORTING CLUB	PONTEVEDRA
Clube	ATL. ESTRADA	PONTEVEDRA
Clube	VAL MIÑOR	PONTEVEDRA
Clube	GIMNASTICA DE PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
Clube	ATLETISMO DEZA	PONTEVEDRA
Clube	AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO	PONTEVEDRA
Clube	AGRUPACION ATLETICA MAZÍ	PONTEVEDRA
Clube	ASOCIACION DEPORTIVA CAR	PONTEVEDRA

2. ESTAMENTO DE ATLETAS

Cota de atletas de alto nivel - Circunscripción autonómica - 2 postos

Estamento	Nome Candidato / Clube
Atleta DGAN	ANTIA CASTRO PEREZ
Atleta DGAN	HUGO GARCIA SOUTO
Atleta DGAN	MARIA MARTINEZ GONZALEZ

Resto de atletas - Circunscripción da Coruña - 6 postos

Estamento	Nome Candidato / Clube	Provincia
Atleta	ELIAN NUMA LOPEZ IGLESIAS	A CORUÑA
Atleta	FCO JAVIER GUZMAN ARES	A CORUÑA

Atleta	EVELYN FERNANDEZ GUEDE	A CORUÑA
Atleta	JORGE RODRIGUEZ LARIÑO	A CORUÑA
Atleta	CELTIA BEDIA MARTINEZ	A CORUÑA
Atleta	MANUEL POLO GUNDIN	A CORUÑA
Atleta	ESTEBAN DIAZ PEREZ	A CORUÑA
Atleta	RAUL GUDE HERVES	A CORUÑA
Atleta	ESTHER PEDROSA CARRETE	A CORUÑA
Atleta	MIGUEL ANGEL NOGUEIRA PEREZ	A CORUÑA
Atleta	CARLOS FRAGA ADRIO	A CORUÑA
Atleta	LUIS ANTONIO SALGADO ABELLEIRA	A CORUÑA
Atleta	IVÁN PARDAL COCA	A CORUÑA
Atleta	MONTSERRAT FERNANDEZ RAMOS	A CORUÑA
Atleta	DAVID LOPEZ VILARIÑO	A CORUÑA
Atleta	MARIA OURENS ANIDO	A CORUÑA
Atleta	LINA GARCÍA PORTAS	A CORUÑA

Resto de atletas - Circunscripción de Lugo - 1 posto

Estamento	Nome Candidato / Clube	Provincia
Atleta	IVAN SANGIAO DARRIBA	LUGO

Resto de atletas - Circunscripción de Ourense - 2 postos

Estamento	Nome Candidato / Clube	Provincia
Atleta	IRIA FERNANDEZ FONTENLA	OURENSE
Atleta	ALBA MARTINEZ IGLESIAS	OURENSE
Atleta	ALBERTO CARLOS ASENSIO CAMPAZAS	OURENSE
Atleta	NAYELI IGLESIAS CHAVEZ	OURENSE

Resto de atletas - Circunscripción de Pontevedra - 5 postos

Estamento	Nome Candidato / Clube	Provincia
Atleta	ANTON GOMEZ GONZALEZ	PONTEVEDRA
Atleta	UXIA PEREZ BUGARIN	PONTEVEDRA
Atleta	DIEGO MIGUEZ ALVAREZ	PONTEVEDRA
Atleta	NEREA LAGO PIRES	PONTEVEDRA
Atleta	ANTIA BARRIO CABALEIRO	PONTEVEDRA
Atleta	ANDRES CORUGEIRA LIGERO	PONTEVEDRA
Atleta	JOÃO ALEXANDRE RIBEIRO FONTELA	PONTEVEDRA

3. ESTAMENTO DE ADESTRADORES/AS**Circunscripción autonómica - 4 postos**

Estamento	Nome Candidato ! Clube
Entrenador	JAVIER ABAD BLANCO
Entrenador	VERONICA CORES MUÑIZ
Entrenador	MAYKA JUEGUEN LAGO
Entrenador	DANIEL GIMENEZ ITURRALDE
Entrenador	IGNACIO CASTRO SANTOS
Entrenador	MARINA ABRUÑEDO GUILLÁN
Entrenador	MARIO GONZALEZ RODRIGUEZ
Entrenador	SANTIAGO FERRER MOREIRA
Entrenador	PATRICIA PEREIRA GUI SANTES
Entrenador	JAVIER SIERPES SILVA

4. ESTAMENTO DE XUÍCES/AS**Circunscripción autonómica - 4 postos**

Estamento	Nome Candidato ! Clube
Xuiz	EVA SALVADO PRIETO
Xuiz	JULIO SANTIAGO FREIJANES
Xuiz	ANGEL LOPEZ-MONTESINOS

Xuiz	SANTIAGO FERRER ALONSO
Xuiz	ANDRES ANXO PEREZ SANCHEZ